

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DE TARXETA DE BENVIDA PARA AS FAMILIAS CON FILLAS E FILLOS NADOS NO 2020

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2020

CONTÍA DA AXUDA

Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla ou 2400€ a razón de 200 €/mes, se o fillo ou filla que dá dereito á axuda é o **terceiro/a ou sucesivo/a**.

A axuda farase efectiva a través da tarxeta benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020 e cumbran os demais requisitos

REQUISITOS NECESARIOS:

1. Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia aportando un certificado de empadramento conxunto da proxenitor solicitante e do neno ou nena que da dereito a esta axuda.
2. Que a renda da unidade familiar non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía for superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 €.
3. Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 €, para ter dereito á ampliación da axuda no segundo ano de vida da crianza.
4. Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual nun concello cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, para ter dereito ao incremento da axuda do 25%.
5. Estar en situación de especial vulnerabilidade técnica valorada polo sistema público de servizos sociais e ter un recurso do sistema público de protección social pendente de resolución, para percibir a axuda un ano mais.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes será de **dous meses** contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento ou adopción.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte nº 7, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950

MAIS INFORMACIÓN: Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos no ano 2020 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 12 do 20/01/2020) **BS403B**
Oroso, 23 de xaneiro de 2020

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

